Resolución do 31 de marzo de 1999 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta da Galicia do 18 de marzo de 1999, no que se lle dá aplicación á previsión do artigo 103 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, respecto do control financeiro.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 18 de marzo de 1999, aprobou o seguinte acordo.

Acordo do Consello de Goberno para a implantación dun sistema integrado de información e control permanente da xestión económica de sociedades e fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Co fin de favorece–lo seu coñecemento e aplicación, publícase como anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 1999.

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

ANEXO

Acordo do Consello de Goberno para a implantación dun sistema integrado de información e control permanente da xestión económica de sociedades e fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

A disposición adicional sexta da Lei de contratos das administracións públicas establece o concepto básico de que tódalas sociedades mercantís cun capital en que sexa maioritaria a participación directa ou indirecta das administracións públicas ou os seus organismos autónomos, ou entidades de dereito público, se axustarán na súa actividade contractual ós principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

Con base nesta disposición foi aprobada a Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas participadas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia en materia de persoal e contratación.

Inclúense, así mesmo, no ámbito de aplicación desta lei, as fundacións constituídas maioritariamente ou na súa totalidade por contribucións da Administración.

Considérase tamén para estes entes e empresas a esixibilidade de que na selección do seu persoal se respecten os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade da convocatoria.

Pola súa parte, o artigo 103 da Lei 11/1992, de réxime financeiro e presupostario de Galicia, establece que o control financeiro será exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma mediante a realización de auditorías ou outros tipos de control de conformidade co que se estableza regulamentariamente.

A dimensión actual do sector público empresarial da Comunidade Autónoma de Galicia, considerando tanto o número de entidades coma o volume de recursos que mobilizan en desenvolvemento do seu obxecto social, fai necesario establecer un sistema de información e control periódico e próximo, tanto no momento da toma de decisións de xestión como no rexistro contable da súa actividade.

Este sistema, que non exclúe a realización de controis financeiros ordinarios ou, de se–lo caso, auditorías financeiras, perfílase como un conxunto de medidas tendentes a obter información do grao de actividade das sociedades públicas e unha verificación da súa xestión económica.

ACORDO

Punto 1.–Ámbito de aplicación do acordo.

Este acordo será de obrigado cumprimento para as sociedades públicas da Comunidade Autónoma, de conformidade coa definición que delas realiza o artigo 12 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia.

Así mesmo, será extensivo a todas aquelas fundacións incluídas no ámbito de aplicación do artigo 1º b) da Lei 10/1996, do 5 de novembro, e a aquelas sociedades mercantís con participación minoritaria da Xunta que o soliciten.

Punto 2.–Sistema integrado de información e control permanente.

1. Establécese un sistema integrado de información e control permanente da xestión económica das sociedades e fundacións públicas da Comunidade Autónoma, que se estructura sobre un sistema de información periódica actualizada e un control permanente posterior.

2. O sistema de información esixe das sociedades e fundacións públicas que lle remitan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma a información contable e orzamentaria derivada da realización da súa actividade económica.

3. O control permanente será realizado mediante:

–O exame dos expedientes de gasto xestionados polas entidades referidas no punto anterior, que se encontren no trámite de proposta de adxudicación.

–Un control posterior e periódico que terá por obxecto revisa–lo cumprimento dos requisitos esixidos por este acordo, e verifica–la adecuada xustificación das transaccións sobre as que se fundamenta a información transmitida á Intervención Xeral.

Punto 3.–Información trimestral.

1. As sociedades e fundacións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia remitiranlle trimestralmente á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma os seguintes estados contables na data de finalización de cada trimestre natural:

a) Balance de situación.

b) Avance da conta de perdas e ganancias.

c) Avance do estado de execución do orzamento.

Todo isto segundo os modelos que a Consellería de Economía e Facenda estableza e comunique oportunamente.

2. Os devanditos estados deberanse achegar asinados polo responsable do departamento de contabilidade de cada entidade, co visto e prace do xerente.

3. Antes da súa remisión á Intervención Xeral, daráselle conta ó Consello de Administración ou ó órgano equivalente das entidades da información trimestral correspondente.

4. Esta información remitirase á Intervención Xeral dentro do mes seguinte ó da finalización de cada trimestre natural. Esta remisión non substitúe a das contas anuais definitivas unha vez que se produza a súa formulación, de conformidade co disposto no artigo 121 da Lei 11/1992.

Punto 4.–Comunicación previa do gasto.

1. Serán obxecto de comunicación preceptiva á Intervención Xeral as decisións que supoñan a realización dun gasto para as sociedades e fundacións públicas en materia de:

a) Contratos de obras, subministracións, asistencias técnicas e contratos patrimoniais.

b) Contratos de persoal.

c) Contratación de activos e pasivos financeiros e adquisición de participacións doutras empresas.

2. Non serán obxecto de comunicación preceptiva aqueles contratos de obras, subministracións, asistencia técnica e patrimoniais sempre que pola súa contía non poidan ser considerados como gasto menor, tal como os define o artigo 7 da Lei 7/1998, de medidas tributarias de réxime orzamentario, función pública e xestión, e as sucesivas que anualmente se publiquen.

3. A comunicación previa do gasto realizaralla a entidade á Intervención Xeral mediante a remisión dos modelos de extracto do expediente que para tal efecto determine e comunique o conselleiro de Economía e Facenda, sen prexuízo de que a Intervención Xeral poida requiri–la remisión de todo o expediente ou dalgún documento que forme parte deste, se o considera necesario.

A devandita comunicación efectuarase cando exista unha proposta de adxudicación, previa á sinatura do contrato.

4. A Intervención Xeral verificará para cada tipo de contrato:

a) Contratos de obras, subministracións, asistencias técnicas e contratos patrimoniais.

a.1) A existencia de recursos financeiros adecuados á natureza do gasto.

a.2) Que existe unha memoria xustificativa da necesidade de realiza–lo gasto ou o investimento.

a.3) O cumprimento dos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

b) Contratos de persoal.

Verificarase a existencia dos correspondentes informes favorables da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Presupostos.

c) Contratación de activos e pasivos financeiros e adquisición de participacións doutras empresas.

A Intervención Xeral verificará para este tipo de contratos:

c.1) A existencia de recursos financeiros adecuados á natureza do gasto.

c.2) Que existe unha memoria xustificativa da necesidade de realiza–lo gasto ou o investimento.

5. Todo isto sen prexuízo de que, atendendo á especificidade de cada tipo de contrato, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma puidese verifica–lo cumprimento dalgún outro requisito básico.

6. A Intervención Xeral, sobre a revisión efectuada, emitirá, nun prazo máximo de 5 días hábiles desde a recepción da comunicación, á que se refire o punto 3 desta alínea, un informe dirixido ó órgano de goberno da entidade. O dito informe non terá, en ningún caso, a natureza de fiscalización previa.

7. As entidades públicas poderán solicitar ó conselleiro de Economía e Facenda, tralo informe previo da Intervención Xeral, a exención da comunicación previa establecida neste punto para determinadas operacións relativas ó tráfico mercantil habitual que veñan desenvolvendo, por causas debidamente xustificadas.

Punto 5.–Control posterior.

1. A Intervención Xeral controlará, con carácter posterior, que existe concordancia entre a información contable e orzamentaria transmitida polas sociedades e fundacións públicas, e que as decisións de

gasto adoptadas polos seus respectivos órganos de goberno se adaptaron ó establecido con carácter xeral neste acordo.

2. Para tal efecto, a Intervención Xeral aprobará un plan de actuacións que estableza o alcance do control posterior. Neste plan determinaranse as sociedades que serán obxecto de control así como as áreas que se verificarán, cun dobre obxectivo:

-Revisa–lo cumprimento dos termos deste acordo.

-Verifica–las operacións incluídas no ámbito de aplicación deste acordo.

3. Como resultado do control posterior, a Intervención Xeral emitirá un informe que se remitirá ó consello de administración das sociedades públicas ou, de se–lo caso, ó órgano rector das fundacións públicas, e á consellería á que estean adscritas ou das cales o seu protectorado exerza e dea conta das actuacións realizadas ó conselleiro de Economía e Facenda.

4. O control posterior non exclúe o control financeiro ordinario que a Intervención Xeral realiza a través do Plan Anual de Auditorías establecido de conformidade co disposto no artigo 105.1º da Lei 11/1992.

Punto 6.–Exercicio 1999.

Para o exercicio 1999, a primeira remisión da información trimestral, nos termos establecidos neste acordo, entenderase necesariamente referida desde o comezo do exercicio ata o remate do dito trimestre.

Punto 7.–Desenvolvemento e aplicación.

Facúltase o conselleiro de Economía e Facenda para dicta–las normas precisas para o desenvolvemento e a aplicación deste acordo.

Punto 8.–Entrada en vigor.

Este acordo entrará en vigor ós trinta días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.